



**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUN POSTO TEMPORAL DE TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O PAI DO CONCELLO DE LOURENZÁ**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Dona EMMA ALVAREZ CHAO, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e Vista a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Básico do emprego público, e demais disposicións aplicables, en uso das facultades conferidas,

**VEN A RESOLVER:**

**Primeiro.**- Realizar unha convocatoria para a provisión temporal de 1 posto de TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, mediante contrato por obra ou servizo determinado a tempo parcial.

**Segundo.**- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo I.

**Terceiro.**- Darlle publicidade a esta convocatoria a través da Páxina Web e do taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidente en Lourenzá (Lugo) a 04 de Febreiro de dous mil catorce.

**En Lourenzá, a 04 de Febreiro de 2014**

**A Alcaldesa**

**Asdo.: Emma Álvarez Chao**

